

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE, E APASCIDE, ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE FAMILIAS DE PERSONAS CON SORDOCEGUERA, PARA O PROGRAMA ESPECÍFICO DE PROMOCIÓN DA ACCESIBILIDADE DE PERSOAS CON SORDOCEGUERA NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA, NEXTGENERATIONEU, NO EXERCICIO 2025

Lugar e data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte:

Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, no Decreto 44/2024, do 14 de abril, do seu nomeamento, no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte:

Dona Dolores Romero Chacón con [REDACTED], que actúa en nome e representación de APASCIDE, Asociación Española de Familias de Personas con Sordoceguera, co NIF G80899636, en virtude da súa condición de presidenta, de conformidade co acordo do nomeamento da Asamblea Xeral Extraordinaria de data 27 de abril de 2023 e o establecido no artigo 21 dos seus estatutos.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que no nome das entidades que representan teñen conferidas

EXPOÑEN

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con

outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

II. Que a Comunidade autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. Que a Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade.

IV. Que APASCIDE, Asociación Española de Familias de Personas con Sordoceguera, entidade de natureza asociativa, figura inscrita no Rexistro Nacional de Asociacións co número 104483, tendo por finalidade conseguir o benestar e a integración dentro da sociedade das persoas con xordo-cegueira e das súas familias, e facilitar que as persoas con xordo-cegueira poidan desenvolver ao máximo as súas capacidades e levar unha vida digna e plena. A entidade figura recoñecida e inscrita como entidade de iniciativa social no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-1392.

V. O Consello Europeo aprobou o 21 de xullo de 2020 a creación do programa NextGenerationEU, como instrumento de estímulo económico en resposta á crise causada polo Corona virus.

O 10 de novembro de 2020, o Parlamento Europeo e o Consello alcanzaron o acordo sobre o paquete de medidas que inclúe os fondos de NextGenerationEU e o Marco Financeiro Plurianual 2021-2027, creándose o Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia, como instrumento de apoio aos Estados membros a través de transferencias directas e préstamos para incrementar os investimentos públicos e acometer reformas para paliar os devastadores danos producidos pola COVID-19.

O Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia,

sinala que os Estados membros elaborarán plans de recuperación e resiliencia nacionais para acollerse a este e alcanzar os obxectivos establecidos e presentárase formalmente polos Estados, como moi tarde o 30 de abril de 2021.

En virtude da Resolución da Subsecretaría de Asuntos Económicos e Transformación Dixital do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital do 29 de abril de 2021, publícase o Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, polo que se aproba o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, que define as estratexias a seguir no desenvolvemento dos fondos europeos de recuperación.

As medidas que recolle o dito plan cumpren cos 6 piares establecidos polo antedito Regulamento da UE nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, e artículanse ao redor de catro eixes principais: a transición ecolóxica, a transformación dixital, a cohesión social e territorial e a igualdade de xénero. Estes catro eixes de traballo desenvólvense a través de dez políticas panca que integran 30 compoñentes ou liñas de acción, para contribuír a alcanzar os obxectivos xerais do plan.

O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia articula unha axenda coherente de reformas estruturais que responden ao diagnóstico compartido polas institucións europeas, o goberno español e os principais axentes económicos e sociais, en ámbitos clave para reforzar a estrutura económica e social do país; concretamente, no ámbito dos servizos sociais, aquelas necesarias para a implantación dun estado de benestar moderno que protexa aos cidadáns, garanta o coidado das persoas destinatarias, reforce os ditos servizos sociais e proporcione oportunidades vitais ás novas xeracións.

VI. Así o exposto, o Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia aprobou, con data do 30 de abril de 2021, o Acordo para a distribución dos créditos para o financiamento de proxectos de investimento das comunidades autónomas, e as cidades de Ceuta e Melilla, no marco do compoñente 22 relativo á “Economía dos coidados e reforzo das políticas de igualdade e inclusión social” do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

No marco deste acordo, o 20 de agosto de 2021 asinouse o Convenio de colaboración entre o Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución de proxectos con cargo aos fondos europeos procedentes do mecanismo para a recuperación e resiliencia.

VII. Que a Lei 10/2014 de 3 de decembro, de accesibilidade de Galicia fundaméntase, entre outros, no principio de accesibilidade universal, entendida como a “condición que

deben cumprir as entornas, procesos, bens, produtos e servizos, así como os obxectos ou instrumentos, ferramentas e dispositivos, para ser comprensibles, utilizables e practicables por todas as persoas en condicións de seguridade e comodidade da maneira mais autónoma posible” e establece que este principio “presupón a estratexia de deseño para todas as persoas e se entenden sen prexuízo dos axustes razoables que deban adoptarse”.

De forma específica, no seu artigo 34, establece que “as administracións públicas promoverán a supresión de barreiras de comunicación e o establecemento de mecanismos e alternativas técnicas e humanas, tales como os intérpretes de lingua de signos, que fagan accesibles os sistemas de comunicación e sinalización a toda a poboación, en todos os ámbitos e segundo o establecido na Lei 27/2007, de 23 de outubro, pola que se recoñecen as linguas de signos españolas”.

VIII. Na Lei 34/2002, de 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico, modificada pola Lei 26/2011, de 1 de agosto, de adaptación normativa á Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, introduce a través da súa disposición adicional quinta a existencia de accesibilidade nas páxinas de internet e redes sociais.

Así mesmo, a antedita Lei 27/2007, do 23 de outubro, no seu artigo 14.4 establece que as páxinas e portais da internet de titularidade pública ou financiados con fondos públicos adaptaranse aos estándares establecidos en cada momento polas autoridades competentes para lograr a súa accesibilidade as persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordo-cegas mediante a posta a disposición, dentro destas, dos correspondentes sistemas de acceso a información na lingua correspondente ao seu ámbito lingüístico.

IX. A entidade APASCIDE, Asociación Española de Familias de Personas con Sordoceguera leva a cabo o programa específico de promoción da accesibilidade de persoas con xordo-cegueira no exercicio 2025.

A persoa con xordo-cegueira total ou cunha visión e audición gravemente afectadas non pode coñecer apenas nada do mundo exterior nin pode aprender polos seus propios medios, non ten referentes, todo ten que aprendelo a través do tacto e da propia experiencia e para iso necesita ser axudado continuamente por persoas especialmente adestradas para iso, o persoal mediador profesional na comunicación.

Ademais de prestar unha atención directa ás persoas con xordo-cegueira, dende APASCIDE, Asociación Española de Familias de Personas con Sordoceguera, tamén forman ás persoas coas que conviven, tanto se xa teñen algún coñecemento, afianzándoo, como se teñen que aprender desde cero.

X. Conforme ao exposto, é do interese da Consellería de Política Social e Igualdade fomentar as ditas medidas de accesibilidade coa concesión dunha subvención directa a través da formalización dun convenio de colaboración con APASCIDE, Asociación Española de Familias de Personas con Sordoceguera para financiar o programa específico de promoción da accesibilidade de persoas con xordo-cegueira para o ano 2025.

XI. O presente convenio encádrase no marco do Mecanismo de recuperación e resiliencia, dentro do eixe/compoñente 22: economía dos cidadáns e reforzo das políticas de igualdade e inclusión social, medida/investimento I3: Administración máis accesible para as persoas con discapacidade, do Plan estatal de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea- NextGenerationEU, e no cumprimento da normativa autonómica, estatal e da Unión Europea que regula este tipo de investimentos, e quedan suxeitas, en todo caso, ao cumprimento, execución e realización dos obxectivos do referido plan.

Neste marco resultan de aplicación o Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, así como o Regulamento (UE) 2020/2094 do Consello, do 14 de decembro de 2020, polo que se establece o instrumento de recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación, tras a crise da Covid-19 e o Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021. Así mesmo, resulta de aplicación a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia; a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas entidades do sector público estatal, autonómico e local para o seguimento do cumprimento dos fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e, o Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046, do Parlamento Europeo e do

Consello do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión, polo que se modifican os Regulamentos (UE) nº 1296, (UE) nº 1301/2013, (UE) nº 1303/2013, (UE) nº 1304/2013, (UE) nº 1309/2013, (UE) nº 1316/2013, (UE) nº 223/2014 e (UE) nº 283/2014 e a Decisión nº 541/2014/UE e polo que se derroga o Regulamento (UE, Euratom) nº. 966/2012.

XII. Conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no 36 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, APASCIDE, Asociación Española de Familias de Personas con Sordoceguera é a única entidade de iniciativa social e de ámbito autonómico que desenvolve no ámbito da Comunidade Autónoma galega este programa.

XIII. As actuacións obxecto do programa a subvencionar a través deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade que asume o seu órgano de dirección, a Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, segundo o previsto Decreto 139/2024, do 20 de maio, e as específicas necesidades inherentes á promoción de accións de divulgación e fomento en materia de accesibilidade universal e deseño para todos, considéranse razóns que acreditan o seu interese social. Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para o desenvolvemento dun programa específico de promoción da accesibilidade de persoas con xordo cegueira no exercicio 2025, baixo o réxime establecido nas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. *Obxecto e actuacións*

O obxecto do presente convenio de colaboración é o outorgamento dunha subvención de carácter directo para contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social e Igualdade na posta en marcha das actuacións que APASCIDE,

Asociación Española de Familias de Personas con Sordoceguera ten previsto desenvolver dende o 1 de xaneiro ata o 15 de maio do ano 2025 dentro do programa específico de promoción da accesibilidade de persoas con xordo-cegueira.

O programa desenvólvese a través de persoas mediadoras en comunicación. Unha persoa mediadora en comunicación é un profesional experto en xordo-cegueira que traballa unha a unha coa persoa con xordo-cegueira e que coñecendo a realidade concreta de cada unha, o seu nivel de maduración e funcionamento, as súas canles de comunicación e o seu resto visual e/ou auditivo, se os ten, traballa en equipo coas persoas deste colectivo da súa contorna, sendo a intermediaria entre esta e o mundo. Ademais, debe coñecer as posibilidades comunicativas e formar as persoas que conviven coa persoa con xordo-cegueira.

As persoas mediadoras en comunicación desenvolverán o seu traballo de atención persoal adaptada, de maneira individual aplicando un programa especificamente elaborado para cada persoa con xordo cegueira e a súa familia. A singularidade está no tratamento individualizado e personalizado de cada persoa, que o diferencia do prestado dende outras entidades.

Con cargo a este programa atenderase a 16 persoas con xordo cegueira e ao seu entorno máis próximo.

Tamén se organizará un campamento de convivencia de 2/3 días de duración, co obxectivo principal de darlles a oportunidade de que poidan comunicarse entre elas e participen en actividades de lecer adaptadas á súa discapacidade.

No deseño e desenvolvemento das actuacións do programa a subvencionar a través deste convenio incorporárase, de xeito transversal, o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e terase en conta a perspectiva de xénero no seu deseño e execución.

SEGUNDA. Orzamento

As actuacións que conforman o programa obxecto de subvención financiaranse integramente pola Unión Europea a través dos fondos asignados á Xunta de Galicia con cargo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia mediante o instrumento

do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, aprobado polo Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021.

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións que no marco do programa a subvencionar a través deste convenio ten previsto desenvolver APASCIDE, Asociación Española de Familias de Personas con Sordoceguera é de 19.300,00 euros.

Para o cumprimento das actuacións recollidas na cláusula primeira a Consellería de Política Social e Igualdade achegará para o cumprimento do convenio no ano 2025, un total de **dezanove mil cento catro euros con sesenta e cinco céntimos (19.104,65 €)**, que serán imputados á aplicación orzamentaria 08.04.312E.481.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

TERCEIRA. *Obrigas e documentación*

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria presentará, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto co programa de actuacións a desenvolver, a seguinte documentación:

- a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo programa, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións.
- b) Declaración responsable, subscrita polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

CUARTA. *Gastos subvencionables*

O importe da subvención destinarase a cubrir os gastos efectivamente realizados, necesarios para o desenvolvemento das actuacións recollidas na cláusula primeira e que aparecen desagregados na memoria económica.

QUINTA. Obrigas da entidade beneficiaria

1. A entidade deberá cumprir todos os requisitos necesarios para ser beneficiaria da subvención segundo o previsto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e deberá cumprir as seguintes obrigas previstas no artigo 11 da mencionada lei:

a) Cumprir todos e cada un dos obxectivos e actuacións do programa, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir os compromisos asumidos con motivo desta. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos no convenio.

b) Acreditar a realización das actuacións, así como o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinaron a concesión da axuda. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, na normativa regulamentaria de desenvolvemento e no disposto nas bases reguladoras no presente instrumento de concesión.

c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe a consellería da Xunta de Galicia con competencia en materia de servizos sociais, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación ou control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o cal achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicarlle á Consellería de Política Social e Igualdade a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras establecidas no convenio, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

f) Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable adecuado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionados, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os conceptos financiados con cargo á subvención e a obriga do mantemento da documentación soporte. O soporte da documentación realizarase nos termos que estableza o Ministerio de Facenda de conformidade coa normativa nacional e da Unión Europea, mantendo os requisitos de pista de auditoría de conformidade co artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e o Consello, do 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

h) Dar cumprimento á obriga da adecuada publicidade do carácter público do financiamento do programa en todas as actuacións que deriven da súa execución, en cumprimento do disposto no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e artigo 20 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Así mesmo, como entidade perceptora de fondos da Unión deben cumprir coas obrigas de información e publicidade que as autoridades competentes establezan relativas ao financiamento do Mecanismo de recuperación e resiliencia polo que farán mención da orixe deste financiamento e velarán por darlle visibilidade, mediante o emblema da Unión e unha declaración de financiamento adecuado que indique «financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU», en particular cando promovan as actuacións que conforman o programa obxecto da subvención e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples persoas destinatarias, incluídos os medios de comunicación e o público. En particular, estará obrigada a:

1º. Incorporar nun lugar visible unha referencia expresa a que o programa foi financiado pola Xunta de Galicia (Consellería de Política Social e Igualdade). Esta información debe levar o logotipo oficial da Xunta de Galicia previsto no manual de identidade corporativa (<http://www.xunta.gal/identidade-corporativa/descarga-do-manual>).

2º. Destacar nas actuacións que realice e nos materiais que reproduzan e utilicen para a difusión ou publicidade do programa, o financiamento efectuado a través da Administración Xeral do Estado, de conformidade co establecido no "Manual de Imagen Institucional de la Administración General del Estado" e a "Guía para a edición e publicación de páxinas web na Administración Xeral do Estado".

3º. Incluír a mención da orixe deste financiamento mediante o emblema da Unión e a declaración <<financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU>>, tal como se reflicte no artigo 34 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, de conformidade co establecido no “Manual de Marca do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia”.

Todos os carteis e placas deberán colocarse nun lugar, ben visible, de acceso ao público.

i) Facilitar toda a información que lles requira a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da axuda.

j) Asumir a aplicación de medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión, así como a obriga de comunicar ao órgano xestor os casos de sospeitas de fraude (<<bandeiras vermellas>>) e asegurar a adopción de medidas dirixidas a previr, detectar, comunicar e corrixir a fraude, a corrupción e previr o conflito de intereses e o dobre financiamento.

k) Respetar o principio de <<non causar un prexuízo significativo>> na execución das actuacións subvencionadas, nos termos do artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sustentables e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2020/2088.

l) Contribuír ao correcto funcionamento da Base de Datos Nacional de Subvencións en cumprimento do disposto na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, como ferramenta de consulta no procedemento de concesión de axudas, cumprindo adecuadamente coas obrigacións de subministración de información a esta, de conformidade co disposto no Real decreto 130/2019, do 8 de marzo polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.

m) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos, total ou parcialmente, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión ou nos supostos previstos no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

n) Conservar os documentos xustificativos e demais documentación relacionada co financiamento das actuacións que conforman o programa obxecto da subvención, en formato electrónico durante un prazo mínimo de 5 anos a partir da recepción do último pagamento.

ñ) Presentar a documentación trala sinatura do convenio e no momento da xustificación parcial e/ou total, de conformidade co indicado na normativa de subvencións.

o) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución deste convenio.

2. Así mesmo, a entidade deberá subministrar á Administración toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, coas consecuencias, no caso de incumprimento, indicadas no artigo 4 da devandita lei.

SEXTA. *Compatibilidade con outras axudas*

1. A percepción desta axuda é compatible con outras subvencións, axudas e ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado.

A estes efectos estarase ao disposto no artigo 7 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

2. No caso de percibírense outras axudas, deberase acreditar documentalmente a súa natureza e contía, así como calquera circunstancia que poida afectar substancialmente a execución das actuacións que conforman o programa obxecto da subvención. A comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

3. En ningún caso o importe das axudas concedidas ao abeiro deste convenio poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, tanto de carácter público coma privado, superen o custo do programa subvencionado. En caso contrario, esta subvención reducirase na cantidade necesaria ata conseguir o cumprimento do establecido anteriormente.

SÉTIMA. *Forma de pagamento*

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria nas seguintes

condicións:

- a) Efectuarase un pagamento do 20 % da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.
- b) O 80% restante farase efectivo unha vez rematadas e xustificadas tódalas actuacións do programa.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade beneficiaria, o cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendentes de pagamento débedas coa Axencia estatal da Administración Tributaria nin coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou de ser debedora por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso, tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento, se é o caso.

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas nos apartados anteriores, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución de garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

OITAVA. Documentación xustificativa

1. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación que remata o 15 de maio de 2025, e se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados pola entidade beneficiaria.

Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000,00 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibín da persoa provedora.

2. A presentación da conta xustificativa levarase a cabo unha vez rematadas todas as actuacións do programa e en todo caso con data límite do 20 de maio do 2025, achegando a seguinte documentación, conforme ao previsto nos artigos 48 e 50 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro:

- a) Un informe-memoria detallado de cada unha das actuacións levadas a cabo e/ou as actividades realizadas ao abeiro do programa a subvencionar a través deste convenio, con

indicación das realizadas, datas de inicio e finalización das mesmas, resultados obtidos e valoración cualitativa dos mesmos, número de persoas beneficiarias en cada actividade, e demais aspectos que se consideren relevantes. A memoria de actuación deberá referirse aos mecanismos de verificación do cumprimento do principio de <<non causar prexuízo significativo>> e medidas correctoras para asegurar a súa implementación.”

b) Tendo en consideración que maioritariamente o gasto imputable é de persoal, conforme ao establecido no orzamento do programa, deberá de concretarse, aos efectos da súa xustificación e referida á mensuralidade ou mensuralidades polas que se solicita, a seguinte documentación:

1º. Relación nominal dos traballadores/as que se inclúen como xustificación do programa subvencionado.

2º. Recibos de salarios

3º. Documentos coa Relación Nominal de Traballadores (RNT) e Relación de liquidación de cotizacións (RLC), dos traballadores correspondentes ao meses imputados.

4º. Impresos de liquidación nominal do Imposto da renda das persoas físicas (IRPF), modelos 111 e 190.

c) Unha certificación expedida e asinada polo órgano competente da entidade dos gastos realizados que incluíra a relación das facturas e/ou xustificantes dos gastos realizados, con identificación das persoas acreedoras cos seus números de identidade fiscal (NIF), o número e data da factura, o concepto, o importe e a data de pagamento e a acreditación do pagamento efectivo deles, segundo o previsto no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

d) Certificación do órgano competente relativa a que as achegas da Consellería de Política Social e Igualdade foron destinadas aos fins para os que foron concedidas.

e) Unha declaración responsable de non ter recibido outras axudas para realizar as actuacións obxecto do programa a subvencionar a través deste convenio ou, de percibilas, detalle doutros ingresos ou subvencións que financiasen as actuacións subvencionadas, con indicación do importe e a súa procedencia, tal é como se establece no artigo 51 d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

f) Acreditación documental, material e/ou gráfica, a través de fotografías, copias, captura de pantallas do cumprimento da obriga de información e publicidade do financiamento público da acción subvencionada.

A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito ao cobro da subvención e o reintegro da cantidade anticipada, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño.

NOVENA. *Incumprimentos, reintegros e sancións.*

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento das actuacións que conforman o programa que se subvenciona través do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os intereses de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o apartado anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño .

Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do programa que se subvenciona, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento supera o 65% das actuacións que conforman o programa obxecto da subvención, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus xuros de demora.

Á entidade beneficiaria da subvención regulada nestas bases seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e

no Título VI do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

DÉCIMA. *Inexistencia de relación laboral*

Para levar a cabo as actuacións que conforman o programa obxecto deste convenio a entidade beneficiaria poderá contratar, con cargo ao orzamento indicado na cláusula segunda, o persoal que no seu caso precise para o desenvolvemento das actuacións citadas.

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual entre a Consellería de Política Social e Igualdade e as persoas que realicen as actuacións obxecto do programa a subvencionar a través deste convenio, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento.

DÉCIMO PRIMEIRA. *Compromiso de non causar dano significativo ao ambiente*

1. A entidade beneficiaria da subvención concedida a través da sinatura deste convenio deberá garantir o pleno cumprimento do principio de «non causar prexuízo significativo» (principio «do no significant harm-DNSH») e a etiquetaxe climática e dixital, de acordo co previsto no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, na Decisión de Execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación e resiliencia de España (Council Implementing Decision-CID), do 13 de xullo de 2021, e no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, así como na súa normativa de desenvolvemento, en todas as fases do deseño e execución do programa e de maneira individual para cada actuación.

2. En todo caso a entidade beneficiaria preverá mecanismos de verificación do cumprimento do principio de «non causar prexuízo significativo» (principio «do no significant harm-DNSH») e medidas correctoras para asegurar a súa implementación, do que deixarán constancia na memoria xustificativa da subvención.

DECIMO SEGUNDA. *Comisión de seguimento*

Para o seguimento e coordinación das actuacións que conforman o programa obxecto de subvención, previstas no presente convenio, crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta

para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dúas persoas representantes de APASCIDE, Asociación Española de Familias de Personas con Sordoceguera, designadas polas persoas que representen a cada unha das partes, así como aos seus suplentes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Administración designada pola persoa titular da dirección xeral con competencias en discapacidade.

A persoa que ocupe a secretaría, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á dirección xeral con competencias en discapacidade designada pola persoa que asuma a Presidencia, e actuará con voz pero sen voto.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015 do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRA. *Comprobación, inspección e control*

1. A consellería da Xunta de Galicia con competencia en materia de servizos sociais poderá levar a cabo as actuacións de comprobación que considere oportunas para controlar o cumprimento das actuacións que conforman o programa obxecto deste convenio.
2. Sen prexuízo do anterior, realizará, ben con persoal propio ou a través de empresas auditoras, actuacións de comprobación e control para verificar sobre o terreo o cumprimento das condicións para a percepción das axudas. As comprobacións incidirán sobre todos aqueles aspectos que garantan a realización dos compromisos adquiridos e o cumprimento dos requisitos fixados neste convenio . O persoal encargado da verificación levantará acta da actuación de control, que asinará a entidade á cal se lle entregará unha copia, e presentaralla ao órgano competente xunto co informe de verificación. A entidade queda obrigada a facilitarlle ao persoal designado copia da documentación que se lle solicite relativa ao expediente obxecto de control.
3. Ademais, a concesión desa axuda estará sometida á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e a súa normativa de desenvolvemento.

Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

DÉCIMO CUARTA. Medidas antifraude

1. A detección de feitos que poidan ter sido constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con programas ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco da presente convocatoria, serán comunicados ao Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) da Intervención Xeral da Administración do Estado por medios electrónicos a través da canle habilitada para o efecto: <https://www.conselleriadefacenda.gal/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/medidas-antifraude/snca-olaf>, nos termos establecidos na Comunicación 1/2017 do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude, do 6 de abril, sobre a forma en que poden proceder as persoas que teñan coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con programas ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea. A detección de irregularidades pode implicar a aplicación de correccións financeiras e a solicitude de devolución dos importes percibidos indebidamente, tal como se establece no Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, e na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro.

2. Coa finalidade de dar cumprimento ás obrigas que o artigo 22 do Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, impón a España en relación coa protección dos intereses financeiros da Unión como beneficiario dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla como entidades executoras deberán dispor dun plan de medidas antifraude que lles permita garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes se utilizaron de conformidade coas normas aplicables, en particular no que se refire á prevención, á detección e á corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses, segundo o estipulado no artigo 6 da Orde HFP/1030/2021 do 29 de setembro.

3. O presente procedemento de concesión de subvención está suxeito a análise sistemática e automatizada do risco de conflito de interese prevista na disposición adicional centésima décima segunda da Lei 31/2022, de 23 de decembro, e na Orde HFP/55/2024, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de

interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

De acordo co establecido no artigo 7 da Orde HFP/55/2024, de 24 de xaneiro, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá solicitar á Asociación de Familias de Personas con Sordoceguera a información da súa titularidade real cando a Axencia Estatal de Administración Tributaria non dispoña desa información e así o indicase mediante a correspondente bandeira negra, tendo en conta a análise realizada a través da aplicación MINERVA para a dita análise de risco de conflito de interese. Este suposto non implicará a suspensión automática do procedemento en curso, pero a dita información deberá achegarse no prazo de 5 días hábiles desde que se formule a solicitude de información.

Os datos, unha vez recibidos, serán adecuadamente custodiados de acordo co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (Regulamento xeral de protección de datos), e coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. A través da dita aplicación MINERVA, a Consellería de Política Social e Igualdade levará a cabo un novo control ex ante do risco de conflito de interese, indicando, en lugar da entidade beneficiaria da subvención, os titulares reais recuperados polo órgano de concesión da subvención.

DÉCIMO QUINTA. *Vixencia*

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de maio de 2025.

Non obstante, os gastos das accións englobadas no programa a subvencionar a través do presente convenio que realízase APASCIDE, Asociación Española de Familias de Personas con Sordoceguera dende o 1 de xaneiro de 2025 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.

DÉCIMO SEXTA. *Obrigas de publicidade*

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei

1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMO SÉTIMA. Información básica sobre protección de datos persoais

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co

disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece.

Como destinatarias, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMO OITAVA. *Réxime xurídico*

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro.

A administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

Tódalas cuestións que se susciten en relación co outorgamento da subvención, cumprimento das obrigas inherentes á condición de entidade beneficiaria, a xustificación e o pagamento do importe da subvención, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade, así como as cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución do convenio. Os seus acordos esgotan a vía administrativa.

Contra estes acordos cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, no prazo dun mes se a resolución fose expresa ou se o acto non fora expreso, en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto. Directamente poderá interpoñerse o recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para a entidade interesada, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, asínano ambas as dúas comparecentes no lugar e na data da sinatura dixital.

A conselleira de Política Social e
Igualdade

Fabiola García Martínez

A presidenta de APASCIDE, Asociación
Española de Familias de Personas con
Sordoceguera

Dolores Romero Chacón